



Obxecto:	Informe sobre Estudo de Impacto Ambiental e Proxecto de Interese Autonómico
Proxecto:	Parque Eólico Pico Seco
Concellos:	O Irixo (Ourense) e Lalín (Pontevedra)
Promotor:	Aerogeneración Galicia S.L.
Remitido:	Servizo de Enerxías Renovables e Eficiencia Enerxética
Clave:	IN661A DXIEM-04/11
Expte.:	03.I.411.2021.001 (Servizo de Arqueoloxía) IA972/2011 (Servizo de Arquitectura)

O 04.08.2022 ten entrada, no rexistro electrónico da Xunta de Galicia, un escrito do Servizo de Enerxías Renovables e Eficiencia Enerxética da Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, polo que se da traslado da resposta do promotor ao informe da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural de data 21.03.2022 en relación ao EsIA e PIA do Parque Eólico Pico Seco. A tales efectos achégase o enlace para descargar a documentación.

ANTECEDENTES E FEITOS

O 21.03.2022, a directora xeral de Patrimonio Cultural informa favorablemente o *Parque eólico de Pico Seco y su línea de evacuación parque eólico de Valdepereira. Estudio de impacto ambiental. Junio 2021 revisión Octubre 2021 e Proyecto de Interés Autonómico Parque Eólico Pico Seco. Mayo 2021*, con diferentes consideracións e condicións

- Deberase completar o inventario ambiental no que se recollerán todos os bens pertencentes ao patrimonio cultural que se atopan dentro da poligonal do parque.
- O EsIA debe completarse con planimetría cuxa definición permita identificar axeitadamente todos os elementos do patrimonio cultural recollidos no Estudo de impacto arqueolóxico así como todos os presentes na poligonal e os seus contornos de protección, que deberán definirse de acordo co art. 38 da Lei 5/2016, do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia. Sería recomendable a entrega dun plano que contemple todas as estruturas do parque eólico, os bens do patrimonio cultural e os contornos de protección, preferiblemente nunha única folia, que complementaríase as follas de detalle que se achegan no EIPC.
- Con carácter previo ao inicio das obras a realizar na referencia REF32035016, deberase proceder a roza da vexetación que cubre a gabia e mailas súas veciñanzas, que será executada baixo control arqueolóxico. Unha vez retirado o mato e coa documentación fotográfica e planimétrica que confirme o carácter non arqueolóxico da referencia, a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural poderá autorizar a execución das obras previstas.
- O xacemento O Foxo (GA32035024), forma parte do catálogo do patrimonio cultural de Galicia, polo que deberá ser valorado na avaliación de impacto sobre o patrimonio cultural, xa que, aínda que se localiza a unha distancia superior ós 200 metros das obras, atópase dentro da poligonal eólica polo que debe formar parte do inventario ambiental e recollese na cartografía de obra.
- Previo ao inicio das obras deberá presentarse un documento no que se concrete a ruta de acceso ao parque eólico fóra da poligonal desde a rede de estradas xerais, e se detallen as actuacións concretas a realizar nos camiños que se empreguen (podas, talas, rectificación de curvas, modificacións no firme, cunetas, etc.), identificando os bens do patrimonio cultural que se poidan ver afectados e os tramos nos que existan muros e peches tradicionais, bens arqueolóxicos ou etnográficos (cruceiros, hórreos, muíños...). Nese documento avaliarase e cualificarase as posibles afeccións aos bens do patrimonio cultural e os seus contornos, e se detallarán as medidas protectoras e correctoras necesarias para salvagardalos. Asemade avaliarase a solución de evacuación de enerxía.
- A avaliación do Impacto dos acesos e da solución de evacuación de enerxía terá en conta o seguinte:
 - Consultaranse os catálogos das figuras dos planeamentos en vigor dos concellos afectados polo proxecto, os arquivos existentes na Subdirección Xeral de Conservación e Restauración de Bens Culturais e o Plan básico autonómico de Galicia.
 - Delimitaranse os bens do patrimonio cultural e as súas áreas de protección, baseándose no traballo de campo, en planimetría de detalle, en fotografía aérea e, no seu caso, en cartografía catastral. Estas áreas deberán axustarse ao previsto na normativa urbanística vixente nos concellos afectados e subsidiariamente ao disposto no artigo 38 da Lei 5/2016, do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia (DOG núm. 92, do 16.05.2016).
 - Presentarase planimetría na escala apropiada na que se definan claramente as características dos





accesos do proxecto (tramos existentes a modificar e tramos de nova construción). Cómpre sinalar que se deberán respectar os contornos de protección dos elementos catalogados do patrimonio cultural quedando libres de obra nova.

- A avaliación do impacto deberá contar cunha ficha individualizada de cada elemento na que se fará constar as especificacións técnicas e características construtivas da obra ou proxecto que ocasiona o impacto, cualificación do mesmo, a distancia entre as obras e os bens e proposta de medidas protectoras e correctoras.
- Os traballos de construción do parque realizaranse baixo control e seguimento arqueolóxico; a tal fin, e previo ao inicio dos mesmos, deberá presentarse un proxecto arqueolóxico axustado ao establecido na Lei 5/2016, do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia (DOG núm. 92, do 16.05.2016) e no Decreto 199/1997, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm., 150, do 06.08.1997).
- Todos os contornos de protección dos bens do patrimonio arqueolóxico quedarán libres de obra nova do parque eólico.
- Calquera modificación do proxecto deberá ser autorizada pola dirección Xeral de Patrimonio Cultural.
- A totalidade das obras que comporten movementos ou remocións de terras deberán levar aparelladas o control arqueolóxico das mesmas, que deberá ser continuo e presencial no contorno de protección dos bens arqueolóxicos documentados, ou sobre calquera outro ben que poda aparecer durante o transcurso das obras.
- Realizarase un especial seguimento da roza das zonas de obra, así como o control dos perfís e cortes que se xeren. No caso de que se constate a existencia de restos arqueolóxicos, primarase a conservación dos mesmos.
- Certificarase o estado final dos elementos incluídos no patrimonio cultural unha vez rematada a totalidade de las obras.
- Respecto ó Proxecto de Interese Autonómico
 - Deberanse corrixir os erros detectados no documento dos que se deu conta nos apartados correspondentes.
 - Na planimetría de ordenación proposta incluíranse e reflectiranse os bens patrimoniais, identificados no anexo III do ESIa que non estean protexidos polo planeamento, e os seus contornos de protección. Á espera das delimitacións de protección específicas, os contornos de protección definíranse de acordo co art. 38 da Lei 5/2016, do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia.
 - Os Concello do Irixo e Lalín deberán integrar os novos bens patrimoniais nos seus catálogos urbanísticos de protección e nas súas planimetrías de ordenación.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

- *Lei 5/2016, do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia* (DOG núm. 92, do 16.05.2016)
- *Lei 7/2008, do 7 de xullo, de Protección da Paisaxe de Galicia* (DOG núm. 139, do 18.07.2008)
- *Decreto 19/2011, do 10 de febreiro, polo que se aproban as Directrices de Ordenación do territorio de Galicia* (DOG núm. 36, do 22.02.2011)
- *Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental* (BOE núm. 296, do 11.12.2013)
- *Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico de Galicia* (DOG núm. 162, do 27.08.2018)
- *Decreto 199/1997, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia* (DOG núm. 150, do 06.08.1997)
- *Decreto 238/2020, do 29 de decembro, polo que se aproban as Directrices de paisaxe de Galicia* (DOG núm. 20, do 01.02.2021)
- *Decreto 73/2022, de 25 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia* (DOG núm 101, do 27.05.2022).
- *Decreto 119/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.*(DOG núm 126 do 04.07.2022)

A documentación agora achegada contén:





- escrito do promotor no que manifesta a súa conformidade co informe da Dirección Xeral de Patrimonio do 21.03.2022, sinalando que as consideracións e condicións de dito informe recolleranse nun EsIA refundido que se elaborará para dar resposta a todos os requirimentos dos informes sectoriais.
- planimetría xeral e de detalle que recolle tanto a totalidade dos bens culturais (xunto coas súas áreas de protección) presentes na poligonal eólica como as infraestruturas que conforman o parque.

INFORME

Tendo en conta o anterior e a espera do documento EsIA refundido do Parque Eólico Pico Seco, se manifesta a súa conformidade coa documentación achegada, mantendo as consideracións e condicións expresadas no informe do 21.03.2022.

Documento asinado dixitalmente en Santiago de Compostela

A directora xeral de Patrimonio Cultural

P.S. Decreto 119/2022, do 23 de xuño (DOG núm.126, o 4 de xullo)

A directora xeral de Ordenación e Innovación Educativa

Judith Fernández Novoa

Servizo de Enerxías Renovables e Eficiencia Enerxética da Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Empresa e Innovación

